

CONCELLO DE SANTIAGO



PREGO

EXPEDIENTE: EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONCERTACIÓN DUNHA OPERACION DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVERSIÓNS POR IMPORTE DE CINCO MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (5.320.000 €) CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO.

DOCUMENTO: PREGO DE PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS

ÓRGANO: CONCELLARÍA DE FACENDA

1. Obxecto:

É obxecto do presente contrato a concertación -con criterios de prudencia financeira, de conformidade coa Resolución de 31.07.2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira-dunha operación de préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de CINCO MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (5.320.000,00 €) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2016.

2. Tipo de operación e condicións:

1.- Tipo de operación:

Operación de préstamo a longo prazo en euros que se concertará cunha entidade financeira e terá dous tramos nas seguintes condicións:

- Un primeiro tramo como póliza de crédito, podendo o Concello, en función da execución dos investimentos, e durante o período de DOUS ANOS a contar desde que se formalice a operación, dispoñer dos fondos nunha ou varias disposicións. Durante este prazo so se efectuaran pagamentos de xuros en función das contías dispostas.
- Un segundo tramo que corresponderá ó da amortización, que terá unha duración de DEZ ANOS, a contar do remate do prazo de DOUS ANOS de disposición. Durante este prazo se efectuarán os pagamentos de xuros e reembolsos do capital mediante entregas trimestrais, que serán calculadas mediante o sistema de cotas de amortización constante -igual capital amortizado e diminución dos xuros pagados en cada cota-.


Polo tanto o prazo total da operación é de doce anos, e a periodicidade dos pagos é trimestral.

2.- Outras condicións:

.- O tipo de xuro será variable. A referencia de revisión será EURIBOR a tres meses xa que a liquidación de xuros será trimestral.

.- Non están permitidas ningún tipo de comisións.

.- O Concello, tal e como establece a Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro de 31 de xullo de 2015, poderá anticipar o pagamento total da cantidade adebedada en calquera momento, así como efectuar nas datas de pago de xuros entregas parciais a conta da débeda sen que lle supoña gasto nin comisión ningunha polo antedito reembolso anticipado, aplicándose ditas amortizacións anticipadas ou ben a reducir o prazo de amortización ou ben a minorar a cota.



CONCELLO DE SANTIAGO



.- Os xuros de mora non poderán superar o tipo de xuro da operación máis un recargo do 2%, tal e como establece a Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro de 31 de xullo de 2015.

3.- Contia das ofertas:

Admitiranse ofertas para a totalidade ((5.320.000,00 €) e para a metade (2.660.000€) do importe da operación

3. Régime xurídico aplicable:

A contratación rexeranse polo disposto neste documento. Para o non previsto no presente Prego rexerán as disposicións que resulten de aplicación en base á seguinte normativa:

1. Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (B.O.E. núm.: 59 de 09/03/04).
2. Resolución de 31 de xullo de 2015 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira (B.O.E. nº 185 de 04.08.2015) que derroga a Resolución de 05.02.2015, e redefine o principio de prudencia financeira aplicable ó conxunto de entidades locais.
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, polo que se aproba a Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LO 2/12).
4. Lei reguladora das Bases do Régime Local aprobada por Lei 7/1985, de 2 de abril.
5. Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de maio, que aproba o texto refundido do régime local.
6. Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).

Segundo o artigo 4.1.l) do TRLCSP a operación proxectada –contrato relativo a servizos financeiros- atópase excluída do ámbito da lei de contratos polo que se regulará polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.


Rexerán no contrato tamén aquelas determinación ou condicións que o adxudicatario teña incluído na súa oferta, sempre e cando non se opoñan ó regulado neste prego nin á normativa aplicable, en especial ó cumprimento do principio de prudencia financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes.

4. Órgano de contratación:

O órgano municipal competente para a presente contratación, así como para aprobar o expediente correspondente, é a Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1.f) da Lei de bases de régime local, segundo redacción da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.



CONCELLO DE SANTIAGO



5. Prego e información económico - financeira do Concello:

O presente prego, unha vez aprobado polo órgano municipal competente, estará exposto ó público ata que finalice o prazo de presentación de ofertas nas dependencias da Tesourería municipal e será remitida copia ás distintas entidades ás que se dirixa a solicitude de oferta por parte do Concello.

Os efectos de que as entidades licitadoras podan realizar estudios sobre a solvencia financeira do Concello e unha análise económica do mesmo que posibilite a presentación da súa oferta económica, será remitida ás entidades financeiras (de ser posible por vía telemática) o informe da Intervención municipal regulado no apartado 2 do artigo 52 do TRLFL e terán a súa disposición a información e documentación económico - financeira na web do Concello: http://www.santiagodecompostela.gal/casa_concello/transparencia.php?idn=/Informacion_economica_e_financiera&lg=gal.

6. Custe total máximo e prezo do contrato:

O tipo de xuro e a referencia de revisión –que está en consonancia coa liquidación de xuros- están recollidos na cláusula segunda deste prego.

6.1. En primeiro lugar obterase a **VIDA MEDIA** da operación.

De conformidade co principio de Prudencia Financeira, e tendo en conta as condicións desta operación, a VIDA MEDIA é de 7,125 anos ou 85,5 meses.

6.2. Unha vez coñecida a vida media da operación determinarase o **CUSTE DE FINANCIAMENTO DO ESTADO (CFE)**. Para calcular o custe de financiamento do estado terase en conta o procedemento establecido no ANEXO 1 da Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro de 31 de xullo de 2015.

O Custe de Financiamento do Estado será o tipo de xuro establecido na correspondente actualización do anexo 1 de resolución de 31.07.2015, en función do prazo da vida media da operación en meses e do tipo de xuro establecido para a operación. Así á vista da última actualización da táboa do Anexo I da Resolución de 31.07.2015, publicada o 07.06.2016 (BOE N° 137), se poderá obter o custo de financiamento do Estado.

6.3. O **CUSTE TOTAL MÁXIMO (CTM)** da operación se obtén como resultado de agregar ao Custe de Financiamento do Estado (CFE) determinado segundo se recolle no parágrafo anterior o diferencial máximo que proceda en función da aplicación dos números 2 e 3 do Anexo 3 da Resolución de 31.07.2015.

Se ben consonte coa Resolución de 31.07.2015 todas as comisíons e outros gastos deberán quedar incluídas no Custe Total Máximo da operación; a cláusula segunda deste prego non permite comisión ningunha.

6.4. O **DIFERENCIAL APLICABLE** ven determinado polas condicións de elixibilidade ao Fondo de Impulso económico e pola vida media. O Concello cumpre a condición de elixibilidade relativa aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, cumpre a condición de elixibilidade



CONCELLO DE SANTIAGO

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,
SECRETARIA
CONCELLO DE SANTIAGO

relativa ao período medio de pago a provedores, pero non cumple a condición de estar ao corrente das súas obrigas de subministro de información económico – financeira.

6.5. A efectos prácticos e co obxectivo de comprobar se a operación cumple co principio de prudencia financeira se deberá comparar o custo total máximo coa TAE da operación, de xeito que o custo financeiro efectivo da operación, xuros, gastos e comisións aplicables (excluídas a comisión de non disponibilidade e a comisión de axencia), debe ser menor ou igual que o CUSTE TOTAL MÁXIMO permitido:

TAE< ou = CTM

Non podendo a TAE superar o CUSTE TOTAL MÁXIMO (CTM)

6.6. O cumprimento da condición de custe máximo se considerará no momento de presentación de ofertas firmes polas entidades financeiras.

A 07.06.2016, o custo total máximo da operación é 1,5525% :

7. Publicidade, presentación e tramitación das proposicións:

Darase publicidade a licitación mediante invitación dirixida ás entidades financeiras que colaboran co servizo de recadación e non teñan débeda en vía executiva, e mediante publicación no perfil do contratante.

A presentación de ofertas se realizará en sobre pechado, no que se indicará "OPERACIÓN DE PRÉSTAMO ORZAMENTO 2016", a través do Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público, isto é de 9:00 a 14:00 horas. O prazo para a presentación de ofertas será de dez días hábiles a contar dende o seguinte á recepción da invitación para participar.


Se as ofertas foran presentadas por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama, télex ou fax (número de Fax 981542376) no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A xustificación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante diligencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a oferta recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se teña recibido a documentación, esta non será admitida.

A presentación dunha proposición supón a aceptación pola entidade financeira das cláusulas deste Prego.

Calquera entidade poderá presentar oferta. Admitiranse ofertas para a totalidade e para a metade do importe da operación, polo que o Concello poderá adjudicar a contratación por importes parciais en función das proposicións presentadas.

O sobre incluirá a oferta económica que se presentará no modelo de proposición que figura como Anexo I ao presente Prego.



CONCELLO DE SANTIAGO

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,



8. Criterios que servirán de base para a adxudicación:

O criterio de selección será, exclusivamente, o menor prezo ofertado polos licitadores, é dicir, ás ofertas más vantaxosas dende o punto de vista económico tendo en conta que:

- O menor prezo ofertado polos licitadores debe cumplir os criterios da Resolución de 31 de xullo, de Prudencia Financeira sinalados anteriormente.
- O CUSTO TOTAL MÁXIMO será o límite do prezo polo que se poda adxudicar a operación.
- As ofertas deben referirse sempre ó CUSTO TOTAL MÁXIMO da operación e, no seu caso, proporán a baixa dalgún punto básico. Concretándose dita aplicación nun valor TAE e detallándose a súa composición para futuras revisións do tipo de xuro.

Exemplo: 1,425% (custo total máximo) – 20 puntos básicos: TAE da operación: 1,225%

- A mellor oferta será aquela que presente maior rebaixa de puntos básicos respecto do Custo Total Máximo e por tanto menor valor TAE.
- En caso de empate neste criterio, se terá en conta a porcentaxe de recargo que aplique a entidade para os xuros de mora.
- Se as ofertas seguen sendo iguais ao aplicar este segundo criterio obxectivo, se terá en consideración o maior nivel de servizo e vinculación que as entidades financeiras empatadas teñan co Concello medida na porcentaxe de domiciliación de recibos de contribuíntes no exercicio 2015, sempre e cando estas non teñan ningún recurso administrativo ou xudicial pendente de resolución co Concello.

9. Mesa de verificación, apertura das ofertas e selección:

Establécese unha mesa para a verificación das ofertas que estará constituída pola titular da Concelleira de Facenda, a Sra. Interventora, e o Sr. Tesoureiro.


A apertura das ofertas realizarase o segundo día hábil seguinte ao de remate de presentación de proposicións.

A proposta de adxudicación, previo informe da Tesourería municipal, será realizada pola Concelleira de Facenda.

O órgano de contratación poderá acordar a adxudicación da contratación u ben declarar deserto o contrato se considera que ningunha das ofertas convén aos intereses da Corporación. Se o órgano de contratación non adxudica o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.


10. Formalización:

A operación formalizarase, no prazo improrrogable de 15 días contados dende o día no que se notifique a adxudicación, en documento administrativo ante o Vicesecretario do Concello, constituíndo o antedito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, podendo, non obstante, elevarse a escritura pública cando o solicite o adxudicatario, sendo da súa conta os gastos derivados do outorgamento.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,



11. Consignación Orzamentaria:

No presuposto do exercicio 2016, existe consignación orzamentaria para fazer fronte ós gastos financeiros derivados desta operación.

A existencia de crédito para fazer fronte aos gastos financeiros derivados, así como as cotas de amortización da operación nos exercicios seguintes, queda condicionada á dotación do correspondente crédito nos presupostos dos exercicios seguintes.

12. Revisións trimestrais.:

O tipo de xuro será revisado cada tres meses.

A entidade financeira comunicará ao Concello, o día hábil anterior ao do inicio de cada período, antes das 11 horas, o tipo de xuro nominal aplicable correspondente ao período, debendo o Concello, de non estar de acordo, comunicar á entidade financeira a resolución do contrato antes das trece horas da mañá do mesmo día, entendéndose noutro caso que acepta o tipo proposto. No suposto de non aceptación, o Concello disporá do prazo dun mes para reintegrar o capital pendente de reembolso, liquidándose os xuros deste prazo ao último tipo aplicado. Estas comunicacións son obligatorias e deben estar acreditadas.

Así mesmo e cunha antelación mínima dunha semana ó día de cargo das liquidacións se remitirá por Fax, a liquidación do cargo que se vai a facer, facendo constar o capital sobre o que xiran os xuros, o tipo de xuro aplicado os días correspondentes á liquidación e demás datos comprensivos para comprobar a liquidación final. Tanto a comunicación dos tipos aplicables ó período como a liquidación, faranse á Tesourería municipal nos prazos establecidos nesta cláusula.

Se non resultase posible a determinación do tipo de xuro, calquera das partes poderá, en calquera momento do prazo de reembolso, optar pola resolución do contrato, rexendo no intervalo o último tipo aplicado. O Concello disporá, neste suposto de resolución, do prazo dun mes para reembolsar o principal, ou do prazo de tres meses, se a resolución procedese por determinación da entidade financeira.

13. Pago dos xuros producidos:


Os xuros aboaranse polo Concello por TRIMESTRES VENCIDOS sempre que se tiveran cumplido os requisimentos e comunicacións previstos no apartado anterior os días 31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro de cada ano, ou o primeiro día hábil posterior, se aqueles foran festivos, sendo os trimestres naturais o período sobre o que se efectuará dito cálculo.

14. Devengo dos xuros:

Os xuros devengaranse por días naturais e o seu importe será calculado aplicando o tipo escollido da operación polos días de cada saldo disposto no período liquidado, sobre a base dun ano de 365 días.

15. Abono dos xuros devengados:

Nas datas que foron expresadas, a entidade xirará para o seu abono o recibo que corresponda.



CONCELLO DE SANTIAGO



Os xuros producidos trimestralmente serán cargados na conta operativa que para o efecto se determine polo Concello.

Se o recibo non fora pagado ao seu vencemento, aplicarase sobre a totalidade do importe de aquel o XURO DE MORA ofertado pola entidade financeira, cos criterios sinalados, ata o momento de facerse efectivo, non admitíndose o ANATOCISMO (capitalización de xuros).

16. Obrigas do contratista:

Ademais de todas as derivadas do contrato, o adxudicatario terá que atender o pagamento do importe dos anuncios e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, así como todas as exaccións estatais, provincias e municipais, en especial do Imposto sobre o Valor Engadido, caso de que se devenguen, que non poderán repercutirse, entendéndose incluídos no custo total máximo da operación.


17. Resolución do contrato:

Son causas de resolución do presente contrato as seguintes:

1. O incumprimento das condicións e cláusulas estipuladas no presente Prego.
2. A extinción da personalidade xurídica da Sociedade Contratista.
3. A declaración de creba, suspensión de pagos, concurso de acredores ou insolvente falido ó contratista en calquera procedemento.
4. O mutuo acordo entre as partes.
5. A mora nas entregas de capital por parte do contratista e a falta de pagamento por parte da Administración no prazo de dous meses.
6. As contempladas no Dereito común.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2016.





CONCELLO DE
SANTIAGO

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,



ANEXO I MODELO DE PROPOSICIÓN

Proposición económica para a operación de préstamo do orzamento de 2016

D..... con D.N.I. nº.....
con domicilio a efectos de notificacións en (rúa / número / localidade)
....., actuando en
representación da entidade financeira
con CIF nº, manifesta:

Que tendo coñecemento do procedemento promovido polo Concello de Santiago de Compostela,
para contratar una operación de crédito a longo prazo por un importe de **CINCO MILLÓNS
TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (5.320.000,00 €)**, FAGO CONSTAR:

PRIMEIRO.-Que acepto expresa e integralmente o prego de prescripcións técnicas e administrativas.

SEGUNDO.-Que tanto o que asina esta oferta como a Entidade que representa non están incursos
en ningunha das prohibicións para contratar establecida no Texto refundido da Lei de contratos do
Sector Público (TRLCSP). Ademais están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa
seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

TERCEIRO.-Que participa na licitación e realiza a seguinte oferta económica:

IMPORTE:

TIPO DE XURO:

- Redución ofertada respecto ao CTM¹ da operación: _____ puntos básicos / -0...%²: _____ puntos.
- Valor TAE da operación: expresada en valor absoluto e como resultado de aplicar ao custe total máximo, _____ %, o diferencial ofertado.
- Tipo de xuro de arranque: Valor absoluto (*que dea como resultado o valor TAE ofertado*) _____.
- Revisións de tipo de xuro: EURIBOR 3 MESES + diferencial a aplicar (*que dea como resultado o valor TAE ofertado*) _____ puntos.
- Tipo de xuro de mora: (*diferencial sobre o tipo de xuro da operación, máximo 2% anual*). _____

En a de de 2016.

Pola entidade,

¹ Para o cálculo do CTM pola entidade financeira, tomarase como referencia o último Anexo I publicado correspondente á actualización mensual do custo de financiamento do Estado.

² Deberá indicarse os puntos básicos / porcentaxe de rebaixa con respecto ó Custo Total Máximo que a entidade estea disposta a asumir.

Exemplo: Se quere ofertar unha rebaixa de 5 puntos básicos no custo total da operación respecto ó Custo Total Máximo segundo a aplicación do Príncípio de Prudencia á data de formalización do préstamo, se expresará: CTM – 5 puntos básicos / -0,05%, o que dará como resultado un valor TAE ofertado de 0,90% - 0,05% = 0,85%

CONCELLO DE
SANTIAGO

Dependencia
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de
Santiago de Compostela
77.- TMARE

Sello o Certificación Mecánica

Documento	Expediente	Fecha
CMG10I0XV		13-06-16 12:48

Número 22.- Proposta da concelleira delegada de Facenda
relativa á concertación dunha operación de préstamo.

Destinatario

15078DCMG10I0XVI



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 10 de xuño de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 22 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA
RELATIVA Á CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.**

Dase conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 9 de xuño de 2016, así como do informe-proposta do tesoureiro, de 7.6.16; e do informe nº 293/2016 da interventora xeral, de 3.6.16; relativos ao expediente para a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para o finanzamento de inversiones por importe de cinco millóns trescentos vinte mil euros, con previa apertura de crédito.

A dita proposta da concelleira delegada de Facenda transcríbese de seguido:

"O orzamento do Concello para o ano 2016 aprobado na sesión do Pleno de data 28 de abril e publicado no BOP de data 3 de maio prevé no orzamento de ingresos dentro das operacións financeiras no capítulo 9 -relativo ao financiamento procedente de emisión de débeda pública e de préstamos-, no artigo 91 -relativo a préstamos recibidos en euros-, no concepto 913 -relativo a préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público- a apelación ao préstamo por importe de cinco millóns trescentos vinte mil euros (5.320.000,00) .

Documento	Expediente	Fecha
CMG1010XV		13-06-16 12:48

No anexo de investimentos e transferencias de capital se recollen con precisión os proxectos de gastos e de transferencias así como o importe do préstamo que se destina a cada proxecto de gasto. A amplitude e diversidade dos proxectos fai difícil precisar tanto a data de inicio da execución como o período de vida útil que debe servir de base a fixación do período de amortización. Por estas razóns parece conveniente a previa apertura de crédito por un período de dous para a disposición gradual dos fondos en función do grado de execución dos investimentos e establecer o período de amortización en 10 anos

Iniciado o expediente para a concertación da operación de crédito solicitouse á Intervención municipal -que tamén ten as funcóns contables- a información necesaria en relación con:


- a- aprobación do orzamento.
- b- existencia de aforro neto positivo
- c- volume total do capital vivo indicando se excede ou non do 75% e do 110% dos ingresos correntes liquidados.
- d.- Cumprimento das condicións de elixibilidade ao Fondo de impulso económico.

Recibida a información citada a Tesourería redactou a proposta de prego de prescripcións técnicas e administrativas e informou a operación.

Emitido o prego de prescripcións técnicas e administrativas, o informe de Tesourería, así como o informe de Intervención que analiza tanto a capacidade da entidade local para fazer fronte, no tempo as obrigas que da operación se deriven, como o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de CINCO MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (5.320.000,00 €) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2016

SEGUNDO.- aprobar o prego de prescripcións técnicas administrativas."



Dependencia
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de
Santiago de Compostela
77.- TMARE

Sello o Certificación Mecánica

Documento	Expediente	Fecha
CMG10I0XV		13-06-16 12:48

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de CINCO MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (5.320.000,00 €) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2016

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescripcións técnicas e administrativas.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE

SANTIAGO

Asde: Xan Cruxelles Fernández
SANTIAGO